

**RESOLUCIÓN DO 1 DE MARZO DO 2023, DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DESIGNADA PARA O PROCESO SELECTIVO REF.PER.-2022/16, POLA QUE SE PUBLICA A LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS.**

En sesión que tivo lugar o 1 de marzo do 2023, a Comisión de Selección designada ao efecto para cualificar o proceso selectivo extraordinario de estabilización REF.PER.-2022/16 derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso na categoría profesional de Técnico/a de Proxectos de I+D+i GI da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, e de conformidade coas bases da convocatoria que rexen o proceso, **ACORDOU:**

**Primeiro.-** Aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, de conformidade co disposto no artigo I.V. das bases da convocatoria do proceso selectivo REF.PER.-2022/16.

**Segundo.-** Facer pública a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, que figura no ANEXO I que se achega coa presente Resolución.

**Terceiro.-** Abrir o período de emendas para os candidatos/as excluídos/as, que disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da dita publicación da resolución na páxina web (<http://www.ceteca.net/>) e no taboleiro de anuncios da Fundación, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

O prazo remata o vindeiro mércores 15 de marzo do 2023, inclusive.

**Cuarto.-** A estimación ou desestimación das emendas entenderase implícita na publicación da resolución da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as correspondente.

Os candidatos/as presentarán preferentemente a documentación requirida na Oficina de Rexistro da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, sita no Parque Tecnolóxico de Galicia, Avda. de Galicia, num. 4, CP: 32900, San Cibrao das Viñas, Ourense, en horario de 9:00 horas a 14:00 horas, de luns a venres.

San Cibrao das Viñas, 1 de marzo do 2023.

O presidente da Comisión de Selección



Cástor José Rivero Martínez

## ANEXO I

| APELIDOS           | NOME   | Admitido/a ou excluído/a | Motivo da exclusión |
|--------------------|--------|--------------------------|---------------------|
| AGREGÁN PÉREZ      | RUBÉN  | ADMITIDO/A               |                     |
| DOMÍNGUEZ VALENCIA | RUBÉN  | ADMITIDO/A               |                     |
| ECHEGARAY SUÁREZ   | NOEMÍ  | ADMITIDO/A               |                     |
| PATEIRO MOURE      | MIRIAN | ADMITIDO/A               |                     |

